

Manuel M^a Durán Guillán, voceiro do grupo do Partido Popular neste concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria a seguinte moción relativa o Museo Valle Inclán.

Exposición de Motivos:

Dende a recuperación do inmovible e a apertura como museo, o museo Valle Inclán converteuse nun referente cultural no noso concello. O traballo feito dende entón, dotando a ditas instalacións duns fondos singulares e únicos fixo que a súa importancia transcendera o noso concello, convertíndose tanto polos seus fondos como polo número de visitantes nun referente na nosa comunidade.

Nos derradeiros meses dita instalación non deixa de ser centro de novas, a maioría non sempre positivas. A última foi o cambio no horario de apertura suprimindo a apertura polo serán, sin unha causa xustificada e publicitada que motive dito cambio.

Os veciños e sobre todo os visitantes que queren acudir as súas salas planifican as súas visitas con anterioridade, e non é xustificable que se atopen de subito coa porta pechada sin advertencia previa.


A Pobra do Caramiñal

Por elo o partido popular somete o pleno a aprobación do seguinte acordo:

2

Mellorar a dotación de medios precisos, tanto materiais como persoais, a o Museo Valle Inclán, mellorando o seu mantemento, e recuperando, al menos, e ampliando sempre que sexa posible o seu horario de apertura.

A Pobra a 18 de Xuño de 2018.



Manuel Mª Durán Guillán

Concelleiro do GrupoMunicipal do Partido Popular.

Sr. Alcalde-Presidente do Concello da Pobra do Caramiñal